

## ***Proxecto conxunto da Asociación Terra de Outes e o Concello de Outes***

### ***“Reconstrución dun barco Sancosmeiro e recuperación da carpintería de ribeira”***

Financiado pola Consellería do Mar da Xunta de Galiza e polo FEMPA (Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e da Acuicultura) da UE nun 98%, con cotas do 30% e do 70% respectivamente.

#### **Principais obxectivos do proxecto:**

- Recuperación dun bote Sancosmeiro.
- Establecemento dunha mariña tradicional arredor do Estaleiro Ciprián.
- Realización dun curso de formación en carpintería de ribeira.
- Recollida videográfica e gráfica das actuacións durante o desenvolvemento do proxecto.

#### **Desenvolverase no Espazo Museístico Estaleiro Ciprián durante os anos 2024, 2025 e 2026.**

O edificio que alberga o museo é un antigo estaleiro recentemente recuperado para ese fin. Esta xoia arquitectónica é un espléndido representante das máis de corenta carpinterías de ribeira que había no concello na primeira metade do século pasado polas que Outes foi, nesa época, un dos lugares de Galiza de maior produción das embarcacións que hoxe denominamos tradicionais e, simultaneamente, dun gran desenvolvemento das propias técnicas desta carpintería. É por iso que os elementos centrais da visita ao museo son: o propio edificio; as técnicas tradicionais de traballo da madeira para a construción de embarcacións, o enorme impacto social e cultural que tivo esta actividade en Outes, expostas con material gráfico e videográfico, e as ferramentas da carpintería tradicional nesa época.

O proxecto que imos desenvolver está chamado a ser a **“obra viva”** deste Museo da cultura mariñeira, posto que lle engadirá:

- a construción dun bote Sancosmeiro, embarcación senlleira de Outes que se empregaba para transporte de persoas e mercadorías,
- a construción dunha maqueta, a escala 1:3, desa embarcación, que se realizará no curso de carpintería,
- o establecemento dunha mariña de 5 embarcacións tradicionais, algunha en reparación no propio estaleiro e outras varadas ou fondeadas arredor, ou navegando a vela e remo...

Estes novos elementos serán tamén parte do obxecto das visitas. En poucas palabras **contemplarase en vivo e en directo o patrimonio das embarcacións tradicionais galegas e o patrimonio inmaterial das técnicas de carpintería de ribeira.**